

Caso práctico VX_20220202

1. *Meses despois de iniciado o curso 2018-19, nun recreo, unha alumna de 4º ESO pedíume falar en privado. Naquel recreo contoume que sufrira unha violación por parte de un rapaz maior amigo dela. Que saíran xuntos un tempo pero que xa non. Que el lle dixera de ver unha peli na casa dela e que a violara.*
2. *A rapaza tiña moi claro que a violaran, quería denunciar para que non volvera a pasarlle a ninguén pero non quería por nada do mundo que se enterasen a súa nai ("advertíume tantas veces") nin o pai. Ademais, o rapaz era fillo duns amigos dos pais. Tiña medo de ter ETS (xa fóra a pola pílula do día despois cunha amiga)*
3. *Eu límiteime a escoitar e acompañar. Cando me dixo que quería denunciar sen contarlle aos pais respondílle que non sabía se se podía facer, ao ser menor. Pero que en calquera caso era mellor que o soberan para poder axudala. Quedei en consultar e en dicirlle. Ela prometeu tentar coller forzas para dicirlle á familia.*
4. *A partir de aí andiven dando tumbos tentando preservar a súa intimidade e facer o correcto. Consultei no meu entorno a persoas con formación no tema, incluso preguntei entre liñas ao profesorado do curso do cafi no que estaba (Abordaxe da violencia de xénero no ámbito educativo) e finalmente falei co XE do centro. Nese momento existiu un malentendido porque eu lle dixen que unha rapaza me relatara un abuso sexual por parte dun non alumno polo que creo que no primeiro momento non se deu conta que eu me refería a unha violación.*
5. *Unha vez que se aclararon as cousas, o centro decidiu que eu e o XE nos entrevistáramos coa policía nacional que acudía ao centro a dar charlas, quen nos recomendou que informásemos á familia e que a familia actuase. Polo que, no despacho de dirección reunímonos parte do equipo directivo (creo que director e XE) o pai, a nai e eu. Para a familia o que eu lles relatei foi moi duro: eles ían ao centro pensando nun problema de conduta e se atoparon con algo moito peor. Ao principio, o seu primeiro impulso foi a incredulidade: "se eu lle advertín" "eu son profesor de artes marciais e ensíneille, non pode ser".*
6. *Despois deste momento eu falei varias veces do tema coa alumna preguntándolle se estaba ben e se ía todo ben. Ela sempre contestaba que si e eu non quería entrometerme.*
7. *Teríame gustado que alguén a axudase psicolóxicamente, que no centro o profesorado fose máis benévolo coas súas faltas de atención en clase. Pero sobre todo, teríame gustado saber que podía denunciar eu porque a familia decidiu que non quería ser o dixe dixe do lugar e NON denunciou.*
8. *Pasado ese curso, seguí en contacto co centro e souben que o mesmo rapaz abusara tamén doutra alumna do centro. E que tentara matricularse no centro das dúas mozas. Tras deste momento o centro decidiu denunciar. E o ano pasado, dous anos despois do acontecido e coa miña mala memoria, fun a testemuñar á Coruña á Fiscalía de Menores.*
9. *Teríame gustado saber como funcionan ese tipo de procedementos porque eu ía moi nerviosa por ter pasado tanto tempo e por non querer dicir nada que non fose certo. Na sala había 3 mulleres (que non recordo que se presentasen ou tal vez o fixeron pero cos nervos non me enterei): unha que falaba (a fiscal?), unha que tomaba notas (a secretaria?) e outra persoa nunha butaca. Tanto a fiscal como a avogada? fixéronme preguntas. E eu respondín como puiden. Ao saír pregunteille á muller da butaca quen viña sendo. E dixo que era a avogada do acusado. Que a rapaza non presentara avogada.*
10. *Foi unha experiencia bastante dura. Tanto o testemuño da alumna (despois de que mo dixera tocou o timbre e ela marchou a clase e tardei un bó anaco en que se me pasase a impresión), a impotencia de non saber que facer, o xuízo.*
11. *A existencia da guía vai ser moi útil para este tipo de situacións pero coido que aínda ten pouca difusión.*